



Resumo memoria de  
**Responsabilidade  
Social Universitaria 2020**



Este resumo da Memoria de Responsabilidade Social Universitaria 2020, curso académico 2019-2020, da Universidade de Vigo, busca relatar brevemente e dun xeito gráfico o contido do devandito documento.




## Datos básicos sobre estudiantado

Un 75,49 % dos matriculados no curso 2019/2020 eran estudantes nalgunha carreira do ámbito de ciencias sociais e xurídicas ou de enxeñaría. Este é un dato que se mantén ano tras ano confirmando as preferencias do alumnado por cursar algunha carreira de estas ramas. Unhas proporcións que se manteñen no caso dos estudantes egresados.

A formación na UVigo pode complementarse cunha ampla oferta de cursos e obradoiros aos que pode acceder tanto a comunidade universitaria como a sociedade en xeral.

Estudiantado matriculado por rama de coñecemento 2019/2020




### Estudios propios

### Matriculados/as

1 titulación propia	19
13 Cursos complementarios	88
46 Cursos de extensión universitaria	1.346
7 Cursos de galego	299
80 Cursos de idiomas (ano 2020)	1.325
12 Cursos de formación	392
8 Cursos de especialista	149
7 Talleres e obradoiros	178
2 Cursos formacións para maiores	600
<b>221 TOTAL</b>	<b>4.848</b>

Estudiantado egresado por rama de coñecemento 2019/2020



## Investigación e transferencia

No 2020 o número de PDI que participou en actividades de investigación competitiva e/ou transferencia foi de 580. Durante ese mesmo ano obtivéronse 125 novos sexenios.

Os recursos externos obtidos para financiar as actividades de investigación da Universidade de Vigo no ano 2020 foron dun 9,38 % do orzamento da UVigo (previsións iniciais). En canto a porcentaxe de financiación, a maior parte dela provén do Estado, seguido da Xunta de Galicia.

Os recursos externos obtidos para financiar as actividades de investigación da Universidade de Vigo no ano 2020 foron dun 9,38 % do orzamento da UVigo (previsións iniciais).

En canto a porcentaxe de financiación, a maior parte dela provén do Estado, seguido da Xunta de Galicia. Durante o ano 2020, a Universidade de Vigo tivo en vixencia 549 contratos con persoas, universidades ou entidades públicas e privadas para a realización de traballos de carácter científico, técnico ou artístico, así como para o desenvolvemento de ensinanzas de especialización ou actividades específicas de formación.

Tamén foron solicitadas 14 patentes, fronte as 9 do 2019. As patentes concedidas foron 16, ao igual que no 2019, as patentes en explotación foron 22 e o número de Spin-off mantense en 10.


Recursos externos captados	2020
Proxectos investigación A.X. Estado	4 796 595 €
Proxectos investigación A.C. Galicia	3 420 000 €
Agrupacións estratéxicas A.C. Galicia	0 €
Convenios	337 048 €
Proxectos investigación europeos	4 084 011 €
Proxectos investigación Interreg	244 065 €
Infraestrutura FEDER	0 €
Facturación CACTI	135 307 €
Facturación ECIMAT	122 880,51 €
Facturación CINBIO	4 478,45€
Contratación I+D	5 104 978,53€
INOUE	45 000 €
Total	18 294 363,49 €
Orzamento UVigo (previsións iniciais)	194 995 837 €
%	9,38 €

Grupos de investigación	Total
Grupos de investigación	169
Membros grupos de investigación	121
Mulleres membros	948
Investigadores/as principais	260
Mulleres Investigadora principal	94

	Total	Importe
Contratos	85	3 573 974,44 €
Informes	448	1 436 343,79 €
Cursos	16	94 660,30 €
Total xeral	549	5 104 978,53€

Transferencia	Total
Contratos de licenza	6
Spin-off	titorizadas 7 creadas 2
Patentes solicitadas no 2020	nacionais 6 internacionais 8
Patentes concedidas no 2020	nacionais 5 internacionais 8
Patentes en explotación a 31/12/2020	nacionais 21 internacionais 0
Patentes postas en explotación (2020)	nacionais 1 internacionais 0
Nº de patentes nacionais activas	235
Software rexistrado (2020)	2
Modelos de utilidade solicitados (2020)	0
Modelos de utilidade concedidos (2020)	2
Modelos de utilidade en explotación (2020)	0
Nº de empresas start-up creadas (2020)	7

% de financiación proxectos segundo a entidade financiadora 2020



---

## Docencia en inglés

A Universidade de Vigo mantén o seu compromiso coa internacionalización e a mellora nas capacidades lingüísticas dos seus estudantes. Neste sentido, ademais da formación no Centro de Linguas, vaise artellando cada curso académico un determinado número de materias impartidas en inglés nas titulacións oficiais.

Oferta docencia en inglés de grao	Nº de materias
Estudos de Grao	140
Estudos de mestrado	82

---

## Orientación ao alumnado

A Universidade de Vigo, a través do SIE, ofrece a todo o alumnado e ás persoas con titulación universitaria, así como a futuros universitarios e universitarias, unha información clara e completa sobre todo o relativo á vida universitaria. Ademais, ofrece atención nas áreas de orientación educativa, académica e psicopedagóxica.

Orientación ao alumnado	Totais
Consultas recibidas	1.526
Accións formativas desenvolvidas	3
Participantes en accións formativas	52

---

## Bolsas propias

A Universidade de Vigo, un ano máis, mantén o seu compromiso coa igualdade de oportunidades a través dos programas de axudas para estudantes financiados co seu propio orzamento. Neste curso académico destinouse un orzamento inicial de 150 000 € para atender as necesidades do estudantado matriculado en titulacións oficiais, afectado polas consecuencias económicas da declaración do estado de alarma. Deste orzamento inicial executouse un 40,51 % nun total de 317 solicitudes, cunha contía media de 343,31 €.

Bolsas propias	2 225
Contía total das bolsas	2.704.041,37 €
Covid-19	343,31 € de contía media
Covid-19	60 765 € contía total

## Prácticas académicas

A irrupción da pandemia tivo unha forte incidencia na realización das prácticas en empresas, de xeito que durante o ano 2020 a realización de prácticas extracurriculares descendeu notablemente con respecto ao ano anterior. Este descenso compénsase parcialmente coa subida das prácticas curriculares o que foi posible

### Número de alumnos/as en prácticas


### Curso 19/20

Extracurriculares	521
Curriculares	3 570
Nº de convenios	4 267

## Mobilidade

Unha característica relevante da actual formación universitaria é a mobilidade de estudantes. Este aspecto resulta fundamental para a formación integral dos nosos alumnos e alumnas, do mesmo xeito que os programas de prácticas profesionais

Mobilidade internacional do estudiantado evolución




---

## Emprego

No relativo ás ofertas de emprego, durante o curso académico 2019-2020 a Área de Emprego e Emprendemento xestionou e tramitou ofertas de emprego para diferentes sectores. En total, tramitáronse 184 ofertas de emprego e xestionáronse 65 convocatorias de formación práctica (non realizadas baixo o Convenio cooperación educativa da UVigo).

Ofertas de emprego por ámbito 2019/2020





## Beneficios sociais

Ademais dos pagos salariais, o persoal da nosa universidade ten outros beneficios sociais de diferente tipo que no ano 2020 deu como resultado a distribución e importe que pode verse nas táboas que se acompañan:

Situación administrativa por conciliación familiar. Ano 2020	TOTAL	% Mulleres
Excedencia por coidado de fillos	5	100%
Excedencia voluntaria por agrupación familiar	1	100%
Permiso paternidade	30	3%
Permiso por parto	32	100 %
Redución xornada	29	79 %

## Caixa de queixas, suxestións e parabéns

As queixas e suxestións son mecanismos activos de participación cidadá que serven á nosa Universidade para mellorar a calidade do seu servizo público. O procedemento permite a cidadanía trasladar de xeito áxil e simple, os motivos da súa insatisfacción, así como as propostas de mellora que considere oportunas.

### Con cargo ao capítulo 1

Nº persoas beneficiarias	Conceptos	Importe total
412	Acción Social	178 407,91 €
306	Compl. I.L.T.	706 530,44 €
11	CPT	6 731,41 €
10	Gratíf. xubilación anticipada	69 567,47 €
11	Gratíf. Por servizos extraordinarios	8 774,27 €
91	Indemnización	11 409,78 €
1	Indemnización por falecemento	3 000 €
38	Prestación de accidentes	39 787,74 €
117	Prestación de enfermidade	811 465,36 €
11	Rendementos de máis de 2 anos/irregulares	232 850,21 €

### Con cargo ao capítulo 6

Nº persoas	Conceptos	Importe total
1	Compl. I.L.T.	22 648,92 €
1	Indemnización	188 425,54 €
1	Prestación de accidentes	11 406,8 €
1	Prestación de enfermidade	28 174,58 €

### Clasificación interna

	Curso 19/20
Queixa	553
Suxestión	127
Parabén	47
Non clasificable	154
Total xeral	881

## Transparencia e sustentabilidade na xestión económica

A universidade mantén nos últimos anos unha liña de estabilidade nos ingresos, cun aumento no ano 2020 do 1,43 % respecto do ano anterior.

### Evolución dos ingresos (dereitos recoñecidos). Anos 2015 a 2020(€)

	2015	2016	2017	2018	2019	2020
Ingresos (dereitos recoñecidos)	151 027 720	153 759 723	158 340 392	161 388 146,4	165 049 891,98	167 405 517,64
% variación anual	3,03 %	1,81 %	2,98 %	1,89 %	2,30 %	1,43 %

### Evolución dos gastos (obrigas recoñecidas). Anos 2015 a 2020 (€)

	2015	2016	2017	2018	2019	2020
Gastos (obrigas recoñecidas)	155 009 911	149 968 829	157 064 633	164 126,69	169 720 773,3	170 68 16,09
% variación anual	5,13 %	-3,25%	4,73%	1.89%	3,41 %	0,57 %

## Responsabilidade na cadea de aprovisionamento

O seguinte cadro recolle as cifras de facturación atendendo á procedencia dos provedores. Consideramos provedores locais aos das provincias de Pontevedra e Ourense, onde teñen sede os campus da Universidade de Vigo. Estes representan o 46,49 % do número de provedores e facturan 13 861 493,53 €, o que representa un 37,70 % do total. Atendendo á orixe xeográfica, a Universidade de Vigo fornécese nun 58,34 % do contratado con provedores galegos.

### Exercicio 2020

Ámbito	Nº de provedores	Total facturado	% facturado
Local	1 106	13 861 493,53 €	37,7 €
Autonómico	282	3 756 941,61 €	10,22 €
Estatal	713	17 772 810,06 €	48,34 €
Estranxeiro	278	1 377 330,22 €	3,75 €
Totais	2 379	36 768 575,42 €	100 %

## Posición nas clasificacións

A universidade de Vigo tivo durante o ano 2020 o recoñecemento internacional dalgunhas das clasificacións universitarias máis relevantes.

### Ranking

Ranking	Posición
Ranking Shanghai (ARWU)	501-600
THE (Times Higher Education)	801-100
THE Impact	101-200

## Actuacións da covid-19

Dende o momento inicial da situación extraordinaria xurdida pola covid-19, creouse un gabinete asesor para facilitar a adopción das medidas precisas para manter a actividade universitaria. Estas medidas tomáronse en cuestións relativas á secretaría, administración, bibliotecas e prácticas curriculares, á docencia, así como á investigación e transferencia e á xestión económica. O esforzo financeiro foi moi importante, e repartiuse fundamentalmente en recursos dixitais, limpeza e adaptación das estruturas, así como apoio ao estudantado que se veu afectado economicamente pola pandemia. Na táboa que se acompaña pode verse o destino dos recursos investidos.

Concepto	Cantidade	Concepto	Cantidade
Adaptación das aulas	21 515,50 €	Equipamento informático	1 380 546,48 €
Aulas virtuais	29 929,80 €	Equipos de videoconferencia	22 485,43 €
Bobinas de papel	5 901,72 €	Mamparas	121 645,40 €
Control de capacidade	2 202,20 €	Mobiliario	137 974,92 €
Datos wifi para o estudantado	46 101 €	Outros gastos	14 933,69 €
EPI. Máscaras e escudos faciais	187 876,01 €	PCR	61 648,29 €
EPI. Luvas	69 977,45 €	Pulverizadoras	91 195,04 €
EPI. Xeles	105 901,36 €	Purificadores	30 189,50 €
Seguridade	26 514,99 €	Sinalización	41 883,53 €
Virucidas	41 883,53 €	Total	2 431 344,66 €

## Transferencia social e cultural

Dentro do organigrama institucional, a Vicerreitoría de Extensión Universitaria ten como obxectivo básico promover a participación da comunidade universitaria en actividades complementarias que fomenten a formación integral do noso alumnado. Na táboa que se acompaña poden verse a diversidade de actividades culturais e o número de asistentes ás mesmas.

Transferencia social e cultural	TOTAL	
	Actividades	Asistentes
Exposicións	15	5.800
Aulas e obradoiros	38	731
Cursos de extensión	0	0
Concursos (premios UVigo)	4	12
Coro universitario	4	400
Teatro e artes escénicas	35	6.900
Música	74	5 435
Proxeccións audiovisuais	74	5 435
Conferencias e mesas redondas	14	950
Totais	191	22 637

## Promoción do voluntariado e a cooperación

Durante o curso 2019/2020, 159 persoas participaron nas actividades de voluntariado nun total de 30 programas. O 59,12 % son mulleres, unha porcentaxe similar ao ano anterior. Así mesmo a nosa universidade participa en campañas de doazón de órganos, recollida de alimentos, visitas a hospitais, talleres de inserción, entre outros.

Voluntariado e cooperación	TOTAL	% Mulleres
Nº estudantes en accións de voluntariado	159	59,12 %
Nº de programas	30	

## Compromiso coa lingua

A Área de Normalización Lingüística (ANL) encárgase de todas as labores de promoción e soporte técnico ao proceso de espallamento do uso da lingua galega no ámbito docente, investigador, administrativo e de servizos, consonte ao estipulado nos Estatutos da Universidade Vigo.

Cursos 2019/2020	TOTAL	% Mulleres
Como redactar e expoñer o teu TFG ou TFM	50	74,00 %
Curso de extensión cultural	69	60,87 %
Curso de linguaxe administrativa e xurídica.	30	70,00 %
Curso de reciclaxe en lingua galega	29	72,41 %
Curso de redacción e estilo.	59	66,10 %
Escribir en internet	154	79,22 %
Total xeral	299	68,23 %

## Universidade saudable

A Universidade de Vigo considera o deporte como un aspecto fundamental na formación integral do alumnado e o seu obxectivo é conseguir que o maior número de persoas realice algún tipo de exercicio que contribúa a mellorar a súa calidade de vida, facilitando todos os medios necesarios para a práctica deportiva.

Durante o curso 2019/2020, con respecto ao Abono Muger, que ofrece acceso libre ás instalacións deportivas universitarias e a un importante número de actividades dirixidas, hai un total de 980 persoas usuarias, das cales un 40,2 % son mulleres.

Persoas usuarias abono Muger 2019-2020

